



Nota de prensa

Efecto covid-19: cambia a forma, non o fondo

EROSKI SÚMASE Á GRAN RECOLLIDA A PROL DOS BANCOS DE ALIMENTOS

- Chama os seus clientes a facer unha doazón ao pasaren pola caixa, que os Bancos de Alimentos trocarán por produtos alimenticios
- EROSKI mantén activa a campaña *Céntimos Solidarios* mediante a calos clientes lle poden doar uns céntimos coa súa compra á causa social activa nese momento, que ata o 6 de xaneiro son tamén os Bancos de Alimentos
- EROSKI colabora dende hai máis de 20 anos con FESBAL

Elorrio, 16 de novembro do 2020.- [EROSKI](#) súmase a partir de hoxe á tradicional campaña da Gran Recollida que terá lugar ata o vindeirosábado en toda a súa rede de tendas, unha campaña solidaria para recadar fondos a prol da [Federación Española de Bancos de Alimentos \(FESBAL\)](#). Máis de 1.100 establecementos, que inclúen supermercados, hipermercados e franquías da rede comercial de EROSKI ofreceranlles aos seus clientes a posibilidade de realizaren unha achega económica a prol dos Bancos de Alimentos.

Un ano especial, onde, por mor das medidas de seguridade adoptadas para loitar contra a covid-19, cambia o formato e a dinámica, mais mantense, iso si, o mesmo espírito.

"Non é un ano máis. As tradicionais doazóns materiais de produtos de primeira necesidade substitúense polos bonos. Cumpría ofrecerlles aos clientes unha forma segura, e asemade lixeira, de faceren as doazóns. O efecto perseguido é o mesmo: ser un elo na cadea de solidariedade", afirma o director de Saúde e Sustentabilidade de EROSKI, Alejandro Martínez Berriochoa.

"A pandemia do coronavirus obrigounos a reinventarnos para manter un mínimo adecuado de existencias nos nosos almacéns. Este ano, a Gran Recollida será virtual, é dicir, non recolleremos alimentos físicos do xeito tradicional. Amais das doazóns online, a través das páxinas web dos Bancos de Alimentos, nos supermercados os doantes poderán realizar as súas achegas económicas mercando bonos en caixa, cos que os Bancos de Alimentos lle faremos fronte á extraordinaria demanda de axuda alimentaria das persoas máis necesitadas, que

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



desgraciadamente son cada día más numerosas", sinala o director xeral da Federación Española de Bancos de alimentos, D. Miguel Fernández.

A achega realizarase a través de bonos por un valor 5 € ou que considere oportuno o cliente ao paso por caixa. Unha vez finalizada a campaña queda á disposición dos Bancos de Alimentos para a compra dos produtos que lles resulten máis necesarios.

Coma en anteriores campañas, EROSKI engadirá unha doazón adicional ao total do recollido na campaña. *"Como é habitual, dende EROSKI, quixémonos unir a este compromiso e sumar unha doazón adicional sobre o total de quilos doados polos consumidores",* indica Alejandro Martínez Berriochoa.

Activa tamén a campaña *Céntimos Solidarios*

Os clientes poderán colaborar cos Bancos de Alimentos tamén a través do novo programa de *Céntimos Solidarios* de EROSKI posto en marcha hai un par de semanas. A través del os clientes poden engadir uns céntimos á súa compra e destinar esa cantidade á causa social activa nese momento, causas que previamente foron escollidas a partir dunha escoita a máis de 3.500 Socios-Cliente. A primeira das entidades sociais que vai recibir as achegas dos clientes de EROSKI é a Federación Española de Bancos de Alimentos (FESBAL), nunha campaña que se alongará ata o 6 de xaneiro. Os cartos doados destinaranse aos Bancos de Alimentos de cada zona para que lles poidan proporcionar produtos de alimentación ás familias que quedaron en situación de vulnerabilidade tras a emerxencia sanitaria.

Máis de 20 anos colaborando cos Bancos de Alimentos

A colaboración de EROSKI cos Bancos de Alimentos remóntase a 1996 por proposta do Banco de Alimentos de Biscaia e dos propios consumidores, que lle demandaban á cooperativa iniciativas solidarias dirixidas a colectivos desfavorecidos e a persoas en risco de exclusión social. Naceron, xa que logo, ese mesmo ano as campañas "Operación Quilo" ou a "Gran Recollida", de recollida de alimentos nas tendas EROSKI.

EROSKI foi recoñecida co "Premio Espiga de Ouro", o máximo galardón que outorga a Federación Española de Banco de Alimentos a aquelas organizacións que destacan pola súa colaboración na redistribución solidaria dos excedentes alimentarios.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)